



Síntese da programación didáctica de TIC

○ **Contidos**

➤ **1º Trimestre**

- Tema 1 - A sociedade da información e o computador

Concepto de sociedade da información. O sector das TIC: composición, características e evolución histórica.

- Tema 2 – Programación

Diagramas de fluxo: elementos e ferramentas; símbolos e o seu significado. Identificación dos elementos dun programa informático: estruturas e bloques fundamentais. Deseño de algoritmos utilizando diagramas de fluxo. Uso de estruturas de control: operadores, condicións, bloques e estruturas de repetición. Execución, proba, depuración e documentación de programas. Identificación dos elementos da sintaxe da linguaxe. Diagramas de fluxo: elementos e ferramentas; símbolos e o seu significado. Identificación dos elementos dun programa informático: estruturas e bloques fundamentais. Deseño de algoritmos utilizando diagramas de fluxo

➤ **2º Trimestre**

- Tema 3 – Arquitectura de computadores

Bloques funcionais dun sistema microinformático e compoñentes de cada bloque funcional. Compoñentes dos sistemas microinformáticos. Periféricos básicos. Dispositivos de almacenamento: características e tipos. Dispositivos de memoria: características e tipos. Sistema operativo: elementos e estrutura. Clasificación, funcións e procesos do

sistema operativo. Sistemas operativos actuais. Instalación e actualización de sistemas operativos e de aplicacións de software.

- Tema 4 – Redes de computadores.

Configuración básica de redes locais: características, tipos, topoloxías e arquitecturas. Cables e conectores: características e tipoloxía. Normalización. Elementos das redes de datos: situación, dispositivos e adaptadores de interconexión de redes con fíos e sen eles; configuración básica destes. Despregamento de redes locais sen fíos: elementos, medios de transmisión, protocolos e recomendacións. Seguridade básica. Niveis do modelo OSI: funcións dos niveis, os protocolos e os dispositivos.

➤ 3º Trimestre

- Tema 5 – Software para sistemas informáticos

Deseño e utilización de bases de datos sinxelas. Elaboración de documentos mediante procesadores de texto. Elaboración de presentacións. Presentación ao público: conexión a un proxector e configuración. Resolución de problemas mediante follas de cálculo. Deseño e edición de Imaxes en 2D e 3D. Creación de contidos audiovisuais. Elaboración de guións, captura de son e de imaxes, edición e montaxe. As redes de intercambio como fonte de recursos multimedia. Dereitos que amparan as producións alleas.

○ Contidos mínimos

➤ 1º Trimestre

- Coñecementos básicos de que son as TIC, as súas utilidades, riscos, evolución. Coñecementos básicos das leis, ética, dereitos e deberes.
- Coñecementos básicos de métodos de diagramación e programación.

➤ **2º Trimestre**

- Qué é o hardware. Coñecementos básicos dos compoñentes dun ordenador.
- Qué é un sistema operativo e para qué serve.
- Coñecemento básico do mundo de internet

➤ **3º Trimestre**

- Tratamento básico de arquivos de son, vídeo, imaxe.
- Uso básico de paquetes ofimáticos, procesadores de texto, follas de cálculo, presentacións.

○ **Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e calificación**

- Observación sistemática do procedemento seguido na realización das diferentes actividades.
- Participación e interese fronte á materia.
- Comportamento e puntualidade cos horarios de entrada e saída da aula
- Traballos realizados a nivel individual.
- Traballos realizados a nivel grupal.
- Probas específicas: exames e controis.
- Exame global.

- As probas específicas (controis, etc.), puntuaranse de 1 a 10 puntos e ponderarán o 50% da nota.
- A participación, interese, comportamento, puntuaranse de 1 a 10 puntos e ponderará un 20% da nota.
- Os traballos realizados en grupo e de xeito individual, puntuaranse de 1 a 10 puntos e ponderarán un 30% da nota.

- Para poder superar a materia, faise necesario obter, polo menos, 3 puntos (sobre 10) na parte de probas específicas, e 2 puntos máis (sobre 10) no resto dos apartados puntuables.
- A nota final do curso obterase coa media ponderada das tres avaliacións, onde a nota da segunda avaliación ponderará o dobre, a da terceira o triplo en relación á primeira avaliación, é dicir, obterase o resultado do cálculo:
$$(Nota\ 1^a\ avaliación + (Nota\ 2^a\ avaliación \times 2) + (Nota\ 3^a\ avaliación \times 3)) / 6$$
- Para recuperar unha avaliación, haberá que entregar os traballos non realizados ou non superados antes de realizar o exame de recuperación da avaliación.
- Para subir nota realizarase, ben un traballo adicional, ben un exame, segundo corresponda, xa sexa en cada avaliación ou no exame global.
- Se a media das tres avaliacións non supera os 5 puntos sobre os 10 totais, debe realizarse un exame global e/ou, entregar aqueles traballos que non foron superados na avaliación correspondente.